

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº23/ Ano: 2021 / 1º xornal Mes de xaneiro/ Estado de vacinación

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



CENTRO DE VISITANTES (III)

Neste apartado falo do comezo das obras, tanto exteriores como interiores, de acondicionamento das escolas para albergar ao Centro de Visitantes. Tamén sobre as zonas nas que foi dividido o seu interior e que daban conta das características naturais, históricas e antropolóxicas da Illa. O seu espazo exterior, noutros tempos patios de recreo, quedaron para xogos tradicionais. **Páx. 1**

OS PANZUDOS

Novo grupo musical illán que xurdiu coa desaparición da mundialmente coñecida "Orquestra a Illa é Nosa".

A súa principal característica é que o bombo lévano posto. **Páx 1**

Lepas anatifera

En novembro do ano 2002, no xornal A Comarca do Morrazo que dirixía Afonso Fernández, saíu unha foto do mozo illán Camilo Otero Reiriz (q.e.p.d), cunha botella que estaba adornada por esta especie de crustáceo da familia Lepadidae e que ten forma de percebe aínda que, ollo!, non é comestible.

Aquí a noticia e fotos de elementos aos que se adheriu este "percebe" en praias da Illa de Ons. **Páx. 2**



LEMBRANZAS DA ILLA (IV)

Manolo Feijut entra aquí no punto en que a Ons que el coñeceu cando chegou, convértese nun espazo especial, case controlado por grupos alleos á realidade de Ons, e decide formar un simpático goberno illán que pode acabar con ese Molocai, como el o chama.

Foto: Manolo Feijut uns anos antes do seu pasamento. **Páx. 3**



ONS NA MEMORIA

Desta entrega traio unha foto de principios dos anos 90 s.XX en que, sen saber ninguén como chegou, apareceu un xabaril na Illa de Ons. Os poucos campos cultivados comezaron a aparecer esnaquizados. Os veciños non atopaban explicación, ata que alguén deu en ver ao animal. A partir de aí, grandes protestas e a Delegación de M. Ambiente permitiu unha batida. Aquí vai a foto do final da batida. **Páx. 3**



NOVO FOLLETO DA ILLA DE ONS

O Parque Nacional das Illas Atlánticas, vén de sacar uns novos folletos sobre as Illas que o compoñen.

Neste número traio o dedicado á Illa de Ons que foi ilustrado e deseñado por Rena Ortega. **Páx, 6**

(Aumentando zoom, lese ben)

HemerONSteca

Dentro deste apartado achégovos un artigo meu inserido na revista O Bugallo no ano 1998.

O asunto era mostrar o meu anoxo, despois de asistir a unhas charlas ornitolóxicas en Pontevedra, onde deron en falar dos motivos da desaparición dos Araos en Ons. Entre outras cousas, máis ou menos xustificadas, faláron da afección dos veciños da Illa en ir cazalos. Aquela falsidade provocou o xurdir deste artigo no que, non só dicía que era incierto, senón que poñía sobre o papel, probas e datos para demostralo. **Páx 4**



CONTOS DE TABERNA OVELLA QUE BALA, BOCADO QUE PERDE.

Páx. 5



NOVO GRUPO MUSICAL DE ONS “OS PANZUDOS”

Un dos primeiros grupos musicais de Ons dos últimos anos a “*Orchestra a Illa é Nosa*” despois duns anos de grandes contratos, sobresalientes éxitos e moitas actuacións, tiveron que deixalo debido á dispersión xeográfica dalgúns dos seus compoñentes e pola desaparición dos seus instrumentos de percusión que foron a caer en mans estrañas que non souberon coidalos.

Pero como a afección musical dos illáns non ten paraxe, xurdiu un novo grupo que, polo menos, non lle fai falta bombo, xa o levan posto: “*Os Panzudos*”.

Comezaron hai dous anos e, cando xa estaban colleitando numerosos éxitos, o Covid mandounos ao paro.

Todos estamos esperando que isto remate e volvan á palestra musical illán de novo.

CENTRO DE VISITANTES DE ONS (III)

COMEZO DAS OBRAS E DISTRIBUCIÓN INTERIOR E EXTERIOR

Na anterior entrega esquecínme de comentar que nos anos 80 as aulas desta escola serviron para albergar ao Campo de Traballo.

No ano 2009 comezan as obras de acondicionamento das escolas para poder instalar o Centro de Visitantes. Dende logo necesitaban unha boa remodelación, xa que, como soe ocorrer coas obras da administración e nos tempos nos que se fixo, cun modelo non adecuado para Galicia, as instalacións deixaban moito que desexar e a humidade, entre outras cousas, daría ao traste con calquera idea que levara consigo manter en bo estado os materiais alí expostos.

Pasou un tempo, remataron as obras de acondicionamento e tocoulle a quenda ao interior, había que dar sentido a este Centro.

Penso que a nivel galego, non sei si empresas especializadas, pero si hai persoas, vinculadas ao mundo biolóxico, medio ambiental, arqueolóxico, etnográfico, histórico,..., que, xunto aos profesionais –guías do Parque, farían un traballo máis acorde co mundo natural-histórico-etnográfico de Ons e conseguirían facer máis amena, didáctica e perceptible nese Centro o mundo illán aos visitantes.

Contrataron unha empresa, segundo parece vasca, especializada en museos, pero pouco coñecedora da realidade illán, o que provocou, ao non haber un guía físico que vaia cos visitantes mostrándolles o alí exposto, que a visita sexa pouco aproveitada. De todos os xeitos, algo había que facer e aí está, hai tempo a reorganizar.

O espazo dividiuse en varias zonas:

1.- Acceso. 2.- Recepción e punto de información. 3.- Sala de audiovisuais e historia de Ons. 4.- A nosa illa: unha paisaxe de mar e pedra. 5.- A vida en Ons. 6.- Ritos e costumes, a sabedoría popular. 7.- Días de festa. 8.- Secretaría.


Ao carón destas zonas, había uns baños, e dúas zonas exteriores (corresponderían aos patios de recreo das escolas), unha quedou sen clasificar e sen uso, e a outra deron en chamala Área de xogos tradicionais.

Como dixen, de non haber nada, polo menos había un espazo onde os veciños e visitantes poderían visualizar o entorno onde viven ou pasan un tempo de lecer, agora só había que darlle vida.

Fotos: Arriba: Obras exteriores do Centro de Visitantes.

Abaixo: Exposición de artes de pesca e unha áncora (Poutada)





AFONSO FERNÁNDEZ



Os percebes adornan a botella. A praia da Banda do Río é xenerosa cos veciños. En canto se levanta un pouco de marusia bota marisco ó areal. Por isto é frecuente ver xente con bolsas de plástico camiñar pola baíra para apanhar ameixa ou outras especies. Un destes veciños é Camilo Otero Reiriz, de 37 anos. O 23 de outubro fixo o de costume pero se levou unha gran sorpresa. Sobre o areal estaba unha botella de cristal adornada con percebes. Parecía que a decoración era obra da muller máis curiosa das que asisten ás clases de traballos manuais na Casa do Mar. Os percebes saían da boca do envase como se foran flores e un grupo deles quedaba no lateral. E todos en movemento.

Lepas anatifera (Linnaeus 1758), ou falso percebe, tamén coñecido como “*Patacabra ou Percebe de cuello de ganso*”. Ten un pé contráctil e flexible. Pode chegar aos 15 cm. Carece de placas. É de cor branca - agrisádea. O seu cacho mide 5 cm, con 5 placas calcarias esbrancuxadas. Adhírese a obxectos flotantes como madeiras, botellas, barcos, cabos,..., ou calquera outro lixo flotante.

Este falso percebe chama a atención cando o atopamos pegado a diferentes obxectos ao pasear pola praia, normalmente, despois dun temporal.

Nesta foto, sacada do desaparecido xornal <A Comarca do Morrazo>, que dirixía Afonso Fernández de Bueu, vemos a Camilo Otero R. (R.I.P.), veciño de Ons que morreu mozo, que atopou unha botella con este percebe adherido na praia da Banda do Río en Bueu, pero que podemos atopar en calquera praia da xeografía costeira galega despois dos temporais.

Nas fotos que engadimos podemos ver algunhas atopadas en diferentes praias e rochas da Illa de Ons na época de Semana Santa ao longo dos anos.



LIBROS-d-ONS

A BORDO DAS ONS

Magnífico libro escrito por Marta Lemos no ano 2013. O tema principal é a historia da familia Riobó como propietaria da Illa de Ons. Considéroo como un notable extracto sobre a historia de Ons dende 1880 a 1940 en relación coa crónica da familia Riobó. É un interesante traballo de investigación periodística sobre a figura da última familia “propietaria” de Ons.

Aínda que, para min, o máis importante son as **Portas** que deixa abertas para realizar unha exhaustiva investigación sobre a historia contemporánea desta illa en relación á súa propiedade e á súa xestión administrativa. A **primeira** ten que ver coa figura de Marcial Bernadal, ao que considero un capataz do Marqués de Valladares, e como chegou a facerse coa xestión de Ons e o xeito de levala a cabo. A **segunda** está relacionada coa chegada de Manuel Riobó e a sociedade que monta con Bernadal para mercar a Illa aos herdeiros do Marqués. A **terceira** sería o por que da ruptura da sociedade e a merca da parte de Bernadal por Manuel Riobó. A **cuarta** tería que ver co estudo de como se levou a cabo esa ruptura, que foi o que motivou que Bernadal incitara aos illáns en contra de Riobó e, sobre todo, a realización dun completo estudo xurídico sobre a Acta de Conciliación tendo en conta o nivel cultural dos illáns por aquelas datas (sobre un 90% non sabía ler nin escribir), pois pode conter moitas irregularidades ao asinar só uns veciños en nome de todos. A **quinta** estaría relacionada coa etapa de Didio Riobó, fillo de Manuel, e o xurdir de novos conflitos cos veciños que o levan a buscar unha fórmula política para que estes se fagan donos dos terreos que traballan, sen el saír prexudicado economicamente. E, a **sexta** cal foi o verdadeiro motivo do suicidio de Didio no 1936 e, se como se especula, foi a mala relación cos conserveiros do Morrazo o que puido provocar a súa persecución política, pescudar o por que a súa viúva deixa como administrador da Illa e da Sociedade a un conserveiro de Bueu, Massó.

O entrar a investigar por estas **Portas** podería dar moita luz sobre a historia e o problema de propiedade que ten actualmente a Illa de Ons.

MANUEL FEIJOÓ RODRIGUEZ. MANOLO FEIJUT. "MANOLO CARALLO"
LEMBRANZAS DA ILLA DE ONS (IV)

Continuamos coas Lembranzas de Manolo Feijut:

E a fermosa illa de ONS, en pouco tempo, converteu-se nun pequeno MOLOCAI e para acabar o panorama, aparecerán os que faltaban, a multinacional do "Winston", os contrabandistas facendo escala nas planeadores, entre viaxe e viaxe para tomar os patrons un "wiski" en "Casa Checho" ou "Bar Acuña".

E como punto final tamén chegaron as forzas do orden, guárdia civil, policía e brigadilla, non sei se para guardar-nos de ou custodiar aos salvadores da patria como Pio Cabanillas, Fraga, Suárez, que tamén fixeron algunhas escalas marisqueiras, por non citar tamén ao Julio Iglesias e aos paraguaios.

Para remediar estes males, os colonos decidirán montar un goberno. No primeiro pleno nomean os ministros seguintes: O Candiño, Almirante en Xefe do Mando Unificado das dornas de vela e motor; O Garulo, Ministro da Facenda, Contrabando e Defraudación; O Arturo, Ministro da Guerra; O Ramiro, Ministro dos Impostos e Consumos de Alcooles e Champús; O Terco, foi nomeado por aclamación Primeiro Ministro.

En tan selecto gabinete nomeu-se portavoz oficial ao Delmiro, un mariñeiro que fala en estereofonía. Quedaron vacantes os ministerios de Sanidade e Cultura, pois non hai médico, boticario ou mestre. Tamén quedou vacante o nomeamento de cardeal, arcebispo, primado pois non hai cregos.

Continuará esta magnífica historia vivida por Manolo a finais dos 70 principios dos 80.

Fotos. Esquerda: Casa de Caño. **Dereita:** Posta de Sol dende o Buraco.



ONS NA MEMORIA

UN XABARIL EN ONS!!!

Eran os albores dos anos 90 s.XX cando no *derroteiro* entre Bueu e Ons apareceu flotando un xabaril morto que chamou a atención dos mariñeiros que tiñan as redes caladas pola zona onde xurdiu.

Pasaría como unha anécdota máis senón fose que, aos poucos días en Ons, os oito ou dez veciños que traballaban as terras, viron que os seus campos estaban por anacos esnaquizados, como se un animal andase por eles fozando.

Puxéronse en alerta e xunto co capataz de obras de M. Ambiente na Illa, Sr. Gabino, en pouco descubriron que un xabaril, sen saber como chegou, pululaba pola Illa.

Saltaron todas as alarmas. Os veciños comezaron a queixarse. Cada vez a cousa era peor polos estragos que ocasionaba. Confirmada a presenza do porco bravo polos traballadores de M. Ambiente na Illa, dende a Delegación en Pontevedra, contrataron a uns cazadores de Terra de Montes especialistas na caza de Xabaril e, nun sábado antes de Domingo de Ramos, acudiron a Ons uns 10 ou 12 cazadores cunha manda de cans que, non sen dificultades xa que os cans toleaban co mundo de rastros de coellos que había, deron con el nas proximidades do Castelo da Rueda.

Foto: Os cazadores, o capataz de M. Ambiente no centro con gorra, un bo número de veciños e algún turista que comezaba as vacacións de S. Santa.



Unhas notas sobre a desaparición dos araos da illa de Ons

Por Celestino Pardellas de Blas

O arao é unha ave mariña de plumaxe de cor branca e negra, co peteiro tamén negro e en forma de puñal. Cría nas terrazas dos inaccesibles cantís onde, sen facer niño, deposita un único ovo directamente sobre a pedra. Tres semanas despois de naceren, os pitos tíranse ó mar, aínda sen saber voar, e seguen ós seus pais a nadar.

O arao pasou de ser unha ave común nos mares galegos a case desaparecer. As principais colonias atopábanse en Cíes, Cabo Vilán, Sisargas e a illa de Ons. Hoxe só quedan contadas parellas nas Cíes e Sisargas; de Ons desapareceron.



Para coñecer un pouco máis das aves mariñas das illas galegas asistín hai un tempo a unas charlas sobre o tema. Nunha delas chamoume a atención un dos conferenciantes pois entre as causas da desaparición dos araos da illa de Ons citou a contaminación do mar por petróleo, a pesca con trasmallo e o costume dos veciños da Illa de cazalos.

Estrañado, ó rematar a exposición pedínlle máis información dese costume. A miña sorpresa e indignación foi máis cando me contestou que lera nun libro que os veciños se metían coas súas dornas no interior do Buraco do Inferno e collían os ovos e mesmo ás propias aves.

Ante esta inesperada resposta, preguntome: ¿como unha persoa que, polos moitos datos que achegaba e polos censos realizados, parecía ben documentada pode dicir ante un importante grupo de persoas que os veciños de Ons se dedicaban a cazar araos, sen consultar, averiguar, comprobar e investigalo dato leído, disque, nun libro do que, naquel intre, non soubo dicilo autor nin o título?

Xa está ben que os veciños da illa de Ons carguen coas culpas da desinformación, da falla de rigor e, ultimamente, da incompetencia dos políticos.

Sobre a desaparición dos araos da illa de Ons habería que investigar, botando unha ollada cara atrás, ós anos 60 e 70, e seguro que descubriríamos a certos persoeiros que gustaban de ir cazar a ela no inverno (algúns dos exemplares destas cacerías están expostos con datos, lugar e nome do cazador no Museo das Ciencias da Facultade de Química en Santiago) e tamén mira-los que máis tarde, dende potentes embarcacións e chegados da veciña ría de Arousa, nos seus descansos entre descarga e descarga, adicábanse ó descansado pracer do que chamaban "caza do pato" na illa de Ons e noutras daquela ría.


Costume que, inda desaparecidos os araos e en datas máis recentes (coma o segundo domingo do mes de setembro do 1984), xa que nesta data o Garda Forestal da illa de Ons (que supoño cursaría a correspondente denuncia deste feito) acompañado polo Contramestre de Mariña de Bueu, que se atopaba de vacacións, intentaron deter a tres individuos que dende tempranas horas, ben armados e cunha planeadora con potentes

motores, adicábase a matar todo o que voara pola superficie mariña da banda leste da illa de Ons. Ó final, non conseguiron detelos e emprenderon veloz fuxida cara á ría de Arousa.

Haí que ser serios e dende logo non carga-lo

morto ós veciños, que xa bastante tiveron coa vida que levaron, pois se algunha vez se viron na obriga de cazar algunha ave mariña, poden estar seguros que non foi por facer mal nin por demostrala súa puntería ou farolear nos bares da Illa; se pasou, sería en momentos difíciles que, por mor do estado da mar, pasaban incomunicados semanas e non podían saír nas súas dornas a pescar, tendo que busca-lo que acompañara ás patacas e ó pan de millo onde fora e así alimentar a súa familia.

Non quero rematar sen dicir que xa está ben de falar, escribir e ata politiquear sobre a illa de Ons sen coñecela, sen estudiala, sen investigar sobre ela e sen verifica-los datos. A illa de Ons e a súa Comunidade, que pola suma das súas características é a máis importante de todo o litoral peninsular, merecen un maior respecto.



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS. *Sobre Onstopus n° 21*

Seguindo co tema das gamelas que fan a remolque, segundo dicían, de Ons a Bueu, o primeiro lector que nos escribía no Onstopus 21 sobre este asunto, fai esta referencia cara ao folio do primeiro barco e sobre a posibilidade de que foran doris:

"..eu xa pensara no folio e mesmo mirei as fotos que fixen hai moi ben anos dos 30 e tantos portos que conforman o Distrito Norte de Portugal (Caminha-Pedrogão). Alí o que pintan é a primeira letra do porto P = Porto, VC = Viana do Castelo, PV =Povoa de Varzim, etc, seguida do número correspondente e rematado na letra L, sobre todo, ou C. Eu non lembro ver máis diferentes.

Aquí, na foto, o que temos é a letra coa que iniciaban case todos os folios galegos nas primeiras décadas do século: F° = folio e logo o número. En ocasións poñían Vigo, Coruña..., e logo F°... E, teño moitísimas fotos de toda a costa nas que andaban como os piratas, sen nada pintado ou, como moito o nome da embarcación. Eu coido que leo aí F° polo que pode ser un barco desa época de calquera porto galego, por conseguinte pode ser de Vigo...

En canto aos sombreiros raros, non o son tanto, xa que nesas primeiras décadas aparecen en fotos de toda a costa. Os que máis, boinas, pero logo, polo medio sempre hai algún destes de copa alta e, xa menos, suestes. Tamén, sobre todo na zona das Rías Baixas, barretina catalana.

Por suposto, contra o que alguén che dixo, aí non hai ningún doris. Dos doris, barco e verba, discútense a procedencia (inglés, portugués...) Os portugueses foron os que máis e máis tempo os usaron, pero tamén os ingleses, e mesmo no museo do porto bacallaeiro de Fecamp, na Normandía, o primeiro que vemos ao entrar é un doris.

Os doris tiñan todos a proa moi afiada e a popa case-case, mais cun espello estreito. O único banco era unha táboa de quita e pon, para poder estibalos no combés do barco uns dentro dos outros."

Foto: 013 - Vigo - ca 1910



CONTOS DE TABERNA

OVELLA QUE BALA, BOCADO QUE PERDE

Ese día só tres veciños estaban sentados na mesa. Facía un día espléndido, había mareas vivas e cadraaba coa baixamar, polo que todos foran dar unha volta polas rochas a ver se caía algo.

Na mesa estaban Antonio, Luís e Manolo da Illa. Falaban do día anterior, que houbera enterro. Nun intre entrou Joseño que viña de xantar e ao velos alí sós coa botella de viño e nada de pincho, díxolles:

-Sobraron unha nécoras, querédelas? Son pequeneiras, pero menos que nada!

Dixéronlle que si e trouxéronllas da cociña. Colleron uns pratos, uns anacos de pan, uns panos da mesa e puxéronse a comer nelas.

Mentres comían, seguiron coa conversa, e Antonio comezou a falar sobre o mal que o pasara cando foi a morte do seu pai: *- Sempre é de noite cando veñen as cousas malas, tiña uns dores tremendos, e aínda por riba un día de temporal, non había a quen acudir,..., fomos a chamar a María, que sabía desas cousas,...,bla, bla,bla.*

Luís escoitaba e contestáballe. Cando rematou Antonio de contar, comezou Luís, pois tivera case os mesmos problemas que Antonio cando fora o do seu pai: *- Xa o tiveramos que levar ao Hospital de Pontevedra, despois duns días mandárono, pero el seguía cos mesmos dores, sobre todo pola noite,..., bla, bla, bla.*

Manolo da Illa escoitaba, pero non daba pío, el estaba ao seu, dando boa conta das nécoras. Mentres Antonio e Luís levaban dúas nécoras comidas, Manolo da Illa se ía pola cuarta.

Nun momento da conversa, e vendo que Manolo da Illa non dicía nada, Antonio preguntoulle: *- Manolo, e o teu pai como morreu?*

Manolo da Illa mirou para el, logo para Luís, cuspiu un anaco de pata de nécora que tiña na boca e, mentres collía un anaco máis de cacho, espetoulles:

- De repente!!!

E sen máis seguiu co seu succulento traballo, á vez que matinaba: *- Estes carallos non saben o dito de que: Ovela que bala, bocado que perde.*

NORMATIVA E RECOMENDACIÓNS PARA A VISITA

Cada ano pasan por esta illa miles de persoas, así que cada actuación individual multiplícase por miles. Por iso é tan importante que teñas en conta esta normativa:

No caso de emerxencia:



Leva o teu lixo de volta.
Na illa non hai colectores de lixo. Apaga ben as cabiças e lévaas contigo.

Non arrinques flores ou froitos.
Son necesarios para o desenvolvemento das plantas e para a alimentación de moitos animais.

Non está permitido acender lume.

Só se permite acampar no camping.

Non fagas ruidos que alteren a tranquilidade do lugar.

A pesca deportiva está prohibida.

Non levas as cunchas das praias nin ningún outro elemento natural.

Non se permite o voo de dron nin papaventos.

Non molestes nin alimentes aos animais. Tampouco arrinques das rochas os mexillóns, lapas, caramuxos...

Non introducir animais (agás cans guía). As mascotas poden causar danos aos animais e plantas silvestres.

Usa só os camiños sinalizados. Non accedas ás dunas nin aos cantís. A túa seguridade e a conservación de moitas especies dependen diso.

Precisas permiso para navegar, fondear ou practicar mergullo; www.iatlanticas.es.

Lei 15/2002, Decreto 274/99, Lei 42/2007, Decreto 177/2008.

PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA



ARQUIPÉLAGO DE ONS

SABÍAS QUE...?


...baixo o mar hai bosques? Estes bosques están formados por grandes algas que proporcionan alimento e refuxio a centos de especies. Fondos de algas, area e rocha fan un mosaico de paisaxes para as distintas formas de vida mariña, principal valor natural do Parque.
...a illa de Ons está habitada? Naceron na illa e viven moi apegados a ela, con costumes vencellados ao mar e ao illamento. No Centro de Visitantes poderás coñecer máis sobre os seus habitantes.

OFICINA DO PARQUE NACIONAL:
R/ Oliva 3, 2º, 36202, Vigo / T. 88628090
CENTRO DE VISITANTES:
R/ Palma 4, 36202, Vigo / T. 88628082
Fax: 88628094 / iatlanticas@xunta.gal / www.parquenacionalillasatlanticas.com
[facebook.com/ParqueNacionalIllasAtlanticasDeGalicia](https://www.facebook.com/ParqueNacionalIllasAtlanticasDeGalicia)



UN PARQUE NACIONAL OCULTO BAIXO AS AUGAS

Este é un espazo protexido moi singular xa que a maior parte da súa superficie é mar. As illas de Cíes, Ons e Sálvora emerxen creando unha barreira natural que protexe ás Rías Baixas da dureza do océano, mentres que Cortegada resgárdase dentro da ría.



Limites do Parque Nacional Superficie total: 8.480 ha.

DIFERENTES PAISAXES QUE COÑECER NA ILLA:

AS PRAIAS atópanse na costa máis tranquila, onde o mar deposita as áreas. Estas áreas son retidas polas prantas da duna, evitando así a erosión da praia.

Biluricos e Pillars: Buscan alimento entre as áreas.
Algodonera: Vístese de branco para evitar a calor.
Linaria arenaria: Encóntra nas illas un dos seus últimos refuxos.

AS BEIRAS DO CANTIL na costa máis exposta, onde o mar golpea as rochas. Chiss...! hai unha gardería de aves mariñas.

Herb de namor (*Arenaria pubigera*): Plantas que sobreviven sobre as pedras.
Pólo de corvo maníto cristado: Nestas illas están unha das maiores colonias de cría destas dúas aves mariñas.

A MATOQUEIRA. As agullas das plantas do toxo son unha boa defensa para el e para os que nel se refuxian. A súa espectacular floración tingue as illas de amarelo na primavera.

Señoirina dos brañais: *Euphydryas aurinia*. É unha bolboreta protexida en Europa pois está a desaparecer en moitos sitios.
Lagarto amari: O lagarto máis grande de Europa occidental.

A xesta de Ons
Exclusiva desta illa. Xunto co toxo costeiro resiste ós fortes ventos cargados de sal que derrota os árbores.

SÍMBOLOS DO MAPA DE RUTAS

- Ruta do Faro
- Ruta Sur
- Ruta Norte
- Ruta do Castelo
- Outros camiños
- Acceso non permitido do 01/04 ó 31/08 por cría de aves
- Información
- Asistencia sanitaria
- Mirador
- Centro de visitantes
- Recomendado para snorkel (non afastarse de costa)
- Campo de traballo
- Camping/Restaurante
- Mirador de aves
- Zona de fondeo regulado
- Zona de restaurantes
- Porto/ Zona de evacuación de aves
- Baños

FARO DE ONS
Situado no punto máis alto da illa, é un dos últimos faros que están habitados por faroleiros. O seu interior non é visitable.

CON DOS GALOS
Ofrécese unha boa vista da illa de Onza, das illas Cíes e da ría de Pontevedra. No verán as crías de gaviota teñen no cantil a súa gardería, polo que para non molestalas non saias do mirador nin as alimentes.

PRAIAS E AUGAS
Nas rochas próximas ás praias vese grande variedade de vida mariña. Gozaas sen tocar as cumbras garfas de mergullo. Para usar cinto de chumbos precísase permiso.

PRINCIPAIS PUNTOS DE INTERESE: PUNTA DO CASTELO, PUNTA DO CENTELLO, PUNTA DO RABO DA EGUA, ENSEADA DE FEDORENTOS, BURACO DO INFERNO, BURACO DO CASTELO, MONTICHO DO CASTELO, SAURO DE SANXO, SAURO DE FERRON, O CAIRO, PRAIA DE CANEXOL, LAXE DO CREGO, AREA DOS CANS, PRAIA DAS DORNAS, PUNTA DO CASTELO, PRAIA DE MELIDE, ENSEADA DE BASTIÁN DE VAL, ENSEADA DA POCIÑA, PUNTA DO CENTELLO, PUNTA DO CASTELO, MIRADROIRO DE FEDORENTOS, MIRADROIRO DE FEDORENTOS, ILLA DE ONZA OU ONCETA, PUNTA DOS GALOS.

BARRO DE CUREO
Foi construído polo Estado nos anos 60 para dotar á illa de escola, igrexa, centro cívico, silo e un curro para reunir o gando, de aí o seu nome.

CENTRO DE VISITANTES
A antiga escola, acolle agora unha exposición sobre a historia e costumes dos habitantes de Ons. Consultar horarios en información.

RUTAS NO ARQUIPÉLAGO DE ONS

Todos os camiños das rutas están indicados coa mesma cor que no mapa. Parten da caseta de información, onde se pode preguntar polas rutas, publicacións en préstamo, actividades para realizar na illa, etc. Antes de empezar a camiñar, dálle a volta ó folleto e asegúrate de coñecer a normativa.

CONSELLOS PARA O CAMIÑO

- Leva auga.
- Usa crema solar, gorra e calzado deportivo.

ACCESIBILIDADE

Os tramos con firme de cemento (*) son do peirao ao Faro e do peirao ao Barrio de Canexol. Marcados no mapa con:

INFO

Consulta as rutas na web do parque.

(*) Tramos con pendente de máis do 10%.

RUTA DO FARO DE ONS
Distancia: 4km / Duración: 1h30min (ruta circular) / Desnivel: 120m
A ruta máis frecuentada. Ascende suavemente pola parte interior da illa ata o faro de Ons (non visitable). Dende o máis alto da illa este emblemático faro domina a paisaxe sobre a illa e as rías. Regresaremos pola zona oeste da illa ata chegar á enseada de Caniveleiras que nos asoma á dureza do mar aberto. Dende aquí volveremos ao punto de inicio.

RUTA SUR
Distancia: 6,2km / Duración: 2h30min (ruta circular) / Desnivel: 86m
Ruta moi completa que percorre toda a metade sur da illa: dende as suaves praias que miran cara a ría, como Area dos Cans ou Canexol, ata os abruptos cantillados da cara oeste. Gozarás das vistas dende o miradoiro de Fedorentos, con Onza e as illas Cíes ao fondo, e do mítico Buraco do Inferno modelado pola forza do Atlántico.

RUTA NORTE
Distancia: 8,1 km / Duración: 3h (ruta circular) / Desnivel: 100 m
É a ruta máis longa e percorre toda a parte norte da illa, primeiro pola suave pendente leste con vistas á ría ata a praia de Melide, para logo ir ascendendo pouco a pouco cara o oeste, onde o océano Atlántico domina o paisaxe. Nos rochedos afastados é fácil observar os corvos mariños cristados secando a súa plumaxe ó sol.

RUTA DO CASTELO
Distancia: 1,1 km / Duración: 40 min (ruta circular) / Desnivel: 33 m
É a ruta máis sinxela e curta. Dende a praia das Dornas parte un pequeno carreiro que discorre pola costa oriental ata o miradoiro do Castelo. De aí, regresamos por un camiño interior ata o barrio de Curro e peirao. A dorna é unha embarcación tradicional outrora moi frecuente en Ons. O Castelo son as ruínas dunha antiga fortificación defensiva do s.XIX.